

Comezo

(desistencia)

Punto de ingravidez:

ruptura da liña

e debuxo da contorna,

dun corpo virtual

de visión opaca.

Expresividade inefábel;

ruptura lingüística

ou carente de senso

recorte dun mundo

sen contornas definidas.

Acúsome

Os ocos e intermitencias
que se producen entre estas palabras
vagas e en busca de concepto
e que nin tan sequera sabemos
se conseguen exhalar un bafo

serven como espazo
para que o entendido e estudoso
intelectual e inmovilizado
busque o argumento definitivo
para matar este pseudopoema.

VI

O factor humano

en suspensión permanente

unha imaxe de Chris Marker / e o ruído de máquinas pesadas

policía ou política

(dobre lectura)

morte circular

do progreso

espectro reproducíbel

e proxectado en paredes

xa escritas

de todo o mundo

do mesmo mundo

do noso espazo

inmundo.

Estes tres poemas pertencen ao libro Fragmento/Creba (Editorial Galaxia, 2020).